



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 10-08-2023

No salón de Plenos da Casa do Concello de Pontevedra (A Coruña) ás 19.30 horas do día 10 de agosto de 2023, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. José Manuel Mato Martínez, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

#### Presidente

José Manuel Mato Martínez (PP)

#### CONCELLEIROS/AS:

##### Partido Popular (PP)

Constantino Fernández Vila  
María Josefa Álvarez Bugallo  
José Luis Pena Romay

##### Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado  
Raquel Fondo Pérez

##### Agrupación de electores Adiante por Pontevedra (AxP)

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

##### PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido  
Noelia María Varela Suárez  
José Manuel Nuñel Costa  
Consuelo Martínez Lema

##### Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Fátima Rodríguez González

##### Espazo Común (APIN-ESCO)

José Manuel Pose Verdes

### AUSENTES:

-----

**Secretario accidental:** Emilio Caínzos Quintás

**Interventor:** Francisco Javier Ulloa Arias

Despois de comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o presidente declara aberta a sesión.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

De seguido procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que son os seguintes:

## 1. PARTE RESOLUTIVA

### 1.1. Aprobación das actas das sesións plenarias do 17 de xuño, do 26 de xuño e do 13 de xullo

O Sr. Alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere realizar algunha observación ás actas que se inclúen na orde do día para a súa aprobación, as correspondentes ás sesións do 17 de xuño, de constitución da Corporación, do 26 de xuño, extraordinaria, e do 13 de xullo, correspondente ao pleno organizativo.

Ao non formularse observacións, quedan aprobadas “ope legis” as actas das sesións plenarias do 17 de xuño, do 26 de xuño e do 13 de xullo de 2023.

### 1.2 Expediente: 2023/X999/000316. Proposta de aprobación do modificativo de crédito MC20CE1- 23 de Alcaldía: Crédito extraordinario 1/2023.

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

Vista a liquidación do orzamento 2022 que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de **2.260.742,49 €**

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2023 polo acordo de Consello de Ministros en data de 26 de xullo de 2022, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Visto o Anexo que acompaña a providencia de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto de este expediente, na súa memoria.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións, se tramita expediente MC20CE1-23.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Pontevedra a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2023 por importe de 106.378,47 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
O Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, di que se podía explicar un pouco máis, xa que como vai non se entende.

A Sra. Rodríguez, BNG, di que ten a dúbida do que comprenden estas modificacións, preocúpame que se distribúa o remanente sen máis diálogo coa Corporación e sen pasar relación detallada das mesmas. Por este motivo o BNG non vai aprobar esta modificación e a seguinte.

O Sr. Andrade, Adiante por Pontevedra, di que os gastos que comprenden este expediente corresponden, a xuízo do goberno, a gastos urxentes e inaprazables, xa que o seu pagamento non se debe demorar para non causar máis prexuízos graves aos nosos provedores, por isto vai votar a favor.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que nos queremos que os provedores cobren, o PSOE vai votar a favor polos autónomos e provedores, só pedimos a máxima axilidade no seu pagamento.

Ao non producirse máis intervencións o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 2 (1 BNG e 1 APIN-ESCO)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda aprobar a proposta co ditame favorable da Comisión de Contas nos seus propios termos.

### **1.3 Expediente: 2023/X999/000317. Proposta de aprobación do modificativo de crédito MC21SC1-23 de Alcaldía: Suplemento de crédito 1/2023**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Especial de Contas celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

Vista a liquidación do orzamento 2022 que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 2.260.742,49 €.

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente. Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2023 polo acordo de Consello de Ministros en data de 26 de xullo de 2022, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Visto o Anexo que acompaña a providencia de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto de este expediente, na súa memoria.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións, se tramita expediente MC21SC1-23.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Pontevedra a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2023 por importe de 328.884,48 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
O Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, di que non estamos falando de aprobar facturas, o que se está a falar é sacar cartos dunhas partidas para outras, e logo traeranse ao Pleno o pagamento das facturas. Un dato, as factura de La Voz de Galicia dos últimos dous meses ascenden a 18.000 euros por publicidade, o que supón que na pasada lexislatura gastáronse en publicidade máis de 300.000 euros. Agora nótase que non hai noticias de Pontevedra.

A Sra. Rodríguez, BNG, di que nada ten que dicir, xa que o dixo no anterior punto.

O Sr. Andrade, Adiante por Pontevedra, di que reitera os argumentos expresados no anterior punto, e vai votar a favor.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que van a votar a favor, cos mesmos argumentos expresados anteriormente.

Non tendo máis intervencións, o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, co seguinte resultado:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Votos a favor: 11 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 2 (1 BNG e 1 APIN-ESCO)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda aprobar a proposta co ditame favorable da Comisión de Contas nos seus propios termos.

#### **1.4 Expediente: 2023/X999/000318. Proposta de aprobación do modificativo de crédito MC22CE2SC2-23 de Alcaldía: Crédito extraordinario-suplemento de crédito 2/2023**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

Vista a liquidación do orzamento 2022 que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 2.260.742,49 €

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2023 polo acordo de Consello de Ministros en data de 26 de xullo de 2022, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto de este expediente, que deben de ser aplicados o orzamento de 2023 xa que foron obxecto de pago en 2022. Vista a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións, se tramita expediente MC22CE2SC2-23.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito ou crédito extraordinario.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Pontevedra a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario 2-suplemento de crédito número 2/2023 por importe de 491.833,14 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerarase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
O Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, di que so lle cabe dicir que os grupos que apoian ao goberno durante a campaña falaban de auditorías externas, e agora habelas non as hai, por iso a transparencia non existe e as auditorías non aparecen. Todas as propostas son o mesmo, buscar cartos para pagar as facturas pendentes, e agora vese que non hai tantos cartos.  
A Sra. Rodríguez, BNG, di que hai que facer fronte a facturas pendentes de 2021, votará a favor para pagar a débeda co Estado.  
O Sr. Andrade, Adiante por Pontevedra, di que votará a favor para facer fronte ao pago a provedores que xa foron aboados polo ICO, e que foron pagados por imperativo legal. O noso voto será a favor a fin de que a contabilidade municipal reflicta o pagamento realizado no exercicio de 2022.  
O Sr. García Carballido, PSdG-PSOE, di que o bo o que o concello pasará a formar parte dos concellos cumpridores do período legal de pago a provedores e así votaremos a favor.

Non tendo máis intervencións, o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 BNG e 1 Adiante por Pontevedra)  
Votos en contra: 0  
Abstencións: 1 (1 APIN-ESCO)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda aprobar a proposta co ditame favorable da Comisión de Contas nos seus propios termos.

### **1.5 Expediente: 2023/X999/000319. Proposta de aprobación do modificativo de crédito MC23SC3-23 de Alcaldía: Suplemento de crédito 3/2023**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

Vista a liquidación do orzamento 2022 que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 2.260.742,49 €.

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2023 polo acordo de Consello de Ministros en data de 26 de xullo de 2022, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Vista a providencia de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto de este



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

expediente, na súa memoria, onde se acalará que se trata de gastos do ano 2023 que carecen de consignación orzamentaria.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións, se tramita expediente MC23SC3-23.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Ponteceso a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 3/2023 por importe de 860.000,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
A Sra. Rodríguez, BNG, di que coincide neste punto co criterio do anterior punto e votaremos a favor para facer fronte ao pagamento da débeda, e insto ao goberno a non solicitar máis préstamos aos bancos.

O Sr. Andrade, Adiante por Ponteceso, di que é consciente que pode afectar á estabilidade orzamentaria a insuficiencia dos créditos, o importante é cumprir os principios de estabilidade, e imos votar a favor. O Sr. Andrade, Adiante por Ponteceso, di que o financiamento co remanente podería afectar ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria de 2023, a situación é extraordinaria e se debe aproveitar a prórroga das regras fiscais por tres motivos, pola inseguridade de que a prórroga pode extenderse a 2024, a inseguridade política do goberno que está en minoría e o grave prexuízo que se está causando aos provedores. Imos votar a favor pero isto non vai supoñer que apoiemos todos os gastos pendentes, os cales sabemos que non son do seu goberno e que teremos que estudar, no seu momento, a legalidade dos mesmos, todo isto podería afectar á estabilidade orzamentaria .

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que van apoiar a proposta do goberno para o pagamento da débeda, e hai cartos do remanente de tesourería, e agora defendemos que se paquen, é unha proba de que se teñen recursos e o PSOE vai votar a favor.

Non tendo máis intervencións, o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Votos en contra: 0  
Abstencións: 1 (1 APIN-ESCO)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda aprobar a proposta co ditame favorable da Comisión de Contas nos seus propios termos

### **1.6 Expediente: 2023/X999/000320. Proposta de aprobación do modificativo de crédito MC24SC4- 23: Suplemento de crédito 4/2023**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

Vista a liquidación do orzamento 2022 que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 2.260.742,49 €.

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prorroga para o ano 2023 polo acordo de Consello de Ministros en data de 26 de xullo de 2022, e que foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 22 de setembro de 2022.

Vista a providencia de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto de este expediente, na súa memoria, onde se acalará que se trata de gastos do ano 2023 que carecen de consignación orzamentaria.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións, se tramita expediente MC24SC4-23.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

É polo que proponho ao Pleno do Concello de Pontevedra a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 4/2023 por importe de 498.000,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
A Sra. Rodríguez, BNG, di que os informes recibidos da Intervención vemos que esta actuación poderían afectar á estabilidade orzamentaria. O goberno di que os traballos e servizos prestados e realizados débense aboar, pero non entendo de que non se siga un orde ou prelación pola antigüidade das débedas, este expediente recolle previsións a man alzada e nos non imos a votar a favor. O que me queda claro e non se pode admitir é que o concello ten unha morea de cartos, e non é así, e así consta nestes expedientes. Non sabemos se quedarán recursos para investimentos.

O Sr. Andrade, Adiante por Pontevedra, di que damos por reproducidos os argumentos anteriores, compartimos as manifestacións do BNG. A situación do concello é moi mala. Non sabemos o que imos ingresar e non sabemos o que imos gastar.

O Sr. Vidal Torrado, PG, di que nestas modificacións como nas anteriores imos votar a favor, como dicía o Sr. Pose Verdes, na campaña dicíamos que o remanente era un espexismo. O remanente non vai chegar a nada xa que se lle debe a todo o mundo. Isto foi o que fixo o Sr. Lois. Imos a votar a favor.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que si fora certo que o Concello de Pontevedra durante 8 anos estivo moi mal gobernado non se podería dar o caso de que destinara nos primeiros anos cartos do POS para pagar as facturas de anos anteriores que deixou pendentes o Sr. Fondo. O goberno conxelou impostos e taxas, prestamos e ampliamos servizos e investimentos, deixamos máis de 2 millóns de euros para pagar todo e que poidan cobrar os autónomos e provedores. Imos apoiar esta proposta así como cando lle toque ao Orzamento.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que hoxe tráense créditos extraordinarios, son para cando non existe partida para imputar os gastos, modificacións de crédito, que se fan cando os cartos non chegan. Temos moitas facturas pendentes de pagamentos queremos terminar o ano. Temos préstamos pendentes e hai que facer fronte á débeda. Seguimos os criterios da Intervención Municipal e se chamará a todos os grupos para ver e analizar todas as facturas. Falando de “La Voz de Galicia”, non hai gastos desde que está este goberno, e saímos en todos os medios.

Pide a palabra o Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, e di que non falou do actual goberno, falei de facturas anteriores, dos últimos meses e de toda a lexislatura.

Non tendo máis intervencións, o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 2 (1 BNG e 1 APIN-ESCO)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda aprobar a proposta co ditame favorable da Comisión de Contas nos seus propios termos

### **1.7 Expte. 2022/P002/000006. Proposta de elección de xuíz de paz titular.**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

## ANTECEDENTES

1. O 13 de marzo de 2023 entrou no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso (núm. de rexistro de entrada 202300000000482) o escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) comunicando o acordo da Sala de Goberno do TSXG do 3 de marzo de 2023 no que comunica que é necesario iniciar o expediente para elixir xuíz de paz titular no prazo de tres meses, tal e como establece o artigo 104.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xaneiro, do Poder Xudicial (LOPX).

2.O anuncio da convocatoria publicouse no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 62, do 30.03.2023 coa finalidade de que as persoas interesadas presentaran as solicitudes durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

3. Presentáronse á convocatoria as seguintes persoas no prazo sinalado para o efecto:

Nú. de rexistro	Data de rexistro	Persoa interesada	NIF
202300000000594	31.03.2023 09:09:53	Rama Blanco, M. Luz	***6977***
202300000000729	21.04.2023 13:16:52	Sonia María Castro Rodríguez	***9860***
202399900000810	21.04.2023 14:14:34	José Ramón Recarey Añón	***0009***

4. Procede trasladar a proposta de elección de xuíz de paz titular do Concello de Ponteceso ao Pleno do Concello, de conformidade co artigo 101 da LOPX, que di:

“1 Os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán nomeados para un período de catro anos pola sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente. O nomeamento recaerá nas persoas que elixa o respectivo Concello.

Os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán nomeados por un período de catro anos pola Sala de Goberno no Tribunal Superior de Xustiza correspondente. O nomeamento recaerá nas persoas elixidas polo respectivo Concello.

2. Os xuíces de paz e os seus substitutos serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houbese solicitante, o Pleno elixirá libremente.

3.Aprobado o acordo correspondente, será remitido ao xuíz de Primeira Instancia e Instrución, que o trasladará á Sala de Goberno”.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Logo de ver o informe da secretaria municipal do 27.07.2023

Polo anterior, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

**Primeiro.** Elixir como xuíza de paz do Concello de Ponteceso a Sonia María Castro Rodríguez (solicitud co núm. de rexistro de entrada 20230000000729, do 21.04.2023).

**Segundo.** Remitirlle o acordo ao xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Carballo para que o traslade á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a nomee xuíza de paz.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
O Sr. Andrade, Adiante por Ponteceso, di que están conformes e estimamos que a candidata proposta está suficiente capacitada e imos votar a favor.  
O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que imos votar a favor, coñecemos a actitude e aptitude da candidata e a súa adicación.

Non tendo máis intervencións, o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 BNG, 1 APIN-ESCO e 1 Adiante por Ponteceso)  
Votos en contra: 0  
Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a proposta co ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais nos seus propios termos

### **1.8 Expediente 2019/X999/000211.Proposta de aprobación provisional da modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Ponteceso, modificación do polígono de solo urbano non consolidado AR-D3.2".**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

EXPD: 2019/X999/000211.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data 17 de novembro de 2016, na súa sentenza 685/2016, estima parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por D Jaime Joaquín Valdés Parga ( P.O. nº 4220/2015) contra a orde do 6 de maio do 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteceso, e anula dita disposición e o plan xeral que aproba no que se refire a cualificación da parcela do actor de referencia catastral 8478308NH0887N0001TX e declara que ha de ser cualificado na súa totalidade como solo urbano consolidado.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O 17 de abril do 2017, auto ditado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento PO 4220/2015 polo que se acorda ordenar a administración demandada a execución forzosa da sentenza firme nº 685/2016 do 17.11.2016, no prazo dun mes, facendo o apercebimento de que es caso de incumprimento se adoptaran medidas necesarias para lograr a súa efectividade.

Oficio da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que se establece que o procedemento de aprobación do plan xeral de ordenación é un procedemento bifásico, polo que corresponde realizar ao Concello de Pontevedra as actuacións materias precisas para dar debido cumprimento ó esixido no fallo da sentenza 685/2016 ditada polo TSXG, sometendo posteriormente a súa aprobación definitiva á consideración da Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio.

O 12.09.2019 o Arquitecto Álvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP”, remite o documento para dar cumprimento á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a cal establece (no seu artigo 29) que dentro do procedemento administrativo de aprobación do plan urbanístico, o promotor debe presentar ante o órgano substantivo (administración pública que ostente as competencias para aprobar o plan proposto), unha solicitude de inicio do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, acompañada do borrador do plan e dun documento ambiental estratéxico.

18.09.2019 Solicitude do Concello de Pontevedra do inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica simplificada relativa a modificación MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2”.

Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada por parte do órgano ambiental por un prazo de 2 meses que se comunica por parte da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 20.09.2019

O 19/12/2019 recíbese Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de calidade Ambiental e Cambio Climático. Xunta de Galicia. Expediente: 2019AAE2377, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á Modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal, no concello de Pontevedra (A Coruña), resolvendo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm. 2 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Pontevedra.

O Arquitecto Alvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP”, remite ao concello o 01/04/2020 documento de APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2”,

O 8/04/2020 e posteriormente con data 13/04/2020 se lle achega o “DOCUMENTO PARA APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2” ao Ministerio para a Transición Ecolóxica. Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar I, ao obxecto que se emitan o seu preceptivo informe, dando cumprimento ao disposto no art. 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Con data 19/11//2020 recíbese informe do MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE DIRECCION GENERAL DE LA COSTA Y EL MAR. Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, sobre el asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DEL PLAN GENERAL DE ORDENACION EN EL POLIGONO DE SUELO URBANO NO CONSOLIDADO AR-D3.2 EN PONTECESO (CORUÑA)-REF: PLA01/20/15/0008, no que indica:

Con data 02/12/2020 solicítase ao MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE DIRECCION GENERAL DE LA COSTA Y EL MAR. Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, o Deslinde do Dominio Público e a Zona de Servidume, coas coordenadas do expediente de deslinde DL-116-LC, aprobado por O.M. do 22 de setembro de 2006, para o ámbito afectado por la Modificación Puntual 2, con fin de aportalo aos redactores do planeamento e cumprir coas indicacións-consideracións dadas por o Ministerio de acordo ao regulado no artigo 117.1 da Lei de Costas.

Con data 27/01/2021 o Arquitecto Álvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP”, remite ao concello o reformado da MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 do PXOM de PONTECESO conforme ao deslinde do dominio público e a zona de servidume DL-116-LC, aprobado por O.M. do 22 de setembro de 2006, para a modificación do polígono de solo urbano no consolidado AR-D3.2, co obxectivo de dar cumprimento a sentenza nº 685/2016, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Con data 01/02/2021 o Arquitecto Álvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP”, remite ao concello o Resumo Executivo segundo o artigo 144 do RLSG en relación ao Procedemento para a aprobación inicial dos ámbitos nos que se suspende o outorgamento de licenzas conforme o establecido no artigo 86.3 do RLSG.

Logo de ver o Informe técnico favorable emitido por o arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez o 12 de abril de 2021.

Logo de ver o informe da secretaria da corporación do 7.05.2021

Con data 31/05/2021 o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra, en sesión ordinaria, acordou aprobar inicialmente a modificación puntual núm. 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontevedra, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 83.5 e no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), durante o prazo de dous meses, contados dende a publicación do correspondente anuncio do DOG, prazo en que o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais e se poderán formular as reclamacións e alegacións que se consideren pertinentes.

Con data 1/10/2021 o Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, informa que subsanado polo equipo redactor a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 do PXOM de PONTECESO conforme ao deslinde do dominio público e a zona de servidume DL-116-LC, aprobado por O.M. do 22 de setembro de 2006, para a modificación do polígono de solo urbano no consolidado AR-D3.2, segundo o Informe sectorial correspondente do Ministerio para a Transición Ecolóxica. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, procedeu á aprobación inicial da modificación puntual conforme os art. 60.6 LSG y art 144 RLSG. Segundo o correspondente diagrama.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Con data 1/10/2021 recíbese Requirimento de documentación pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Servizo de Urbanismo. Xunta de Galicia. Referencia: HMG/pgr

Con data 7/10/2021 dáse traslado da documentación requirida a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Servizo de Urbanismo. Xunta de Galicia. Referencia: HMG/pgr

Con data 7/10/2021 publicase no DOG Núm. 194 ANUNCIO de aprobación inicial da modificación puntual número 2 do Plan xeral de ordenación municipal (expediente 2019/X999/000211).  
Con data 14/10/2021 dase traslado da modificación puntual nº 2 ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico unha vez subsanado polo equipo redactor a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 do PXOM de PONTECESO conforme ao deslinde do dominio público e a zona de servidume DL-116-LC, aprobado por O.M. do 22 de setembro de 2006, para a modificación do polígono de solo urbano no consolidado AR-D3.2, segundo o Informe sectorial correspondente do Ministerio para a Transición Ecolóxica. Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, procedeuse á aprobación inicial da modificación puntual conforme os art. 60.6 LSG y art 144 RLSG.

Con data 12/11/2021 recíbese informe favorable de Augas de Galicia da “Modificación Puntual nº2 do PXOM de Pontevedra Polígono de Solo Urbano Non Consolidado AR-D3.2”, condicionado á resolución favorable da concesión de augas para o abastecemento municipal en tramitación no expediente de clave DH.A15.78376, sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas neste informe

Con data 19/01/2022 recíbese informe da Delegación Territorial da Coruña, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, Xunta de Galicia. Nº de Expediente: PTU AC 2019/095, no que indica que revisada a documentación, considerase que esta Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación municipal de Pontevedra, non é necesaria sometela ao informe da Comisión Galega de Protección Civil, sen prexuízo de que deban terse en conta, aos efectos da adopción das correspondentes medidas de prevención de riscos e intervención en caso de emerxencia, as análises de risco dos diferentes plans de protección civil, aprobados pola Xunta de Galicia ou pola propia Administración Local.

Con data 22/02/2022 recíbese informe do MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE DIRECCION GENERAL DE LA COSTA Y EL MAR. Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, sobre el asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DEL PLAN GENERAL DE ORDENACION EN EL POLIGONO DE SUELO URBANO NO CONSOLIDADO AR-D3.2 EN PONTECESO (CORUÑA)-REF: PLA01/20/15/0008, no que indica:

Con data 07/04/2022 recíbese informe do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Xunta de Galicia, no que conclúe que polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, non se formula ningunha obxección para a aprobación da modificación puntual núm.2 do PXOM de Pontevedra. Modificación do polígono de solo urbano non consolidado AR-D3.2, se ben, para dar cumprimento ao disposto no artigo 35 do RLPPG, deberá incorporarse un estudo de paisaxe, cuxo contido poderá limitarse a unha descrición da incidencia da ordenación sobre a paisaxe e a xustificación do cumprimento da



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

normativa sobre paisaxe.

Con data 20/04/2022 recíbese informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Servizo de Urbanismo. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Xunta de Galicia. Nº Ref: PTU-PO-22/015, no que indica en relación ao artigo. 102 da normativa do POL:

Con data 20/04/2022 recíbese informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña. Xunta de Galicia. Nº Ref: PTU AC 19 095, no que indica:

*“1. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático desta consellería formulou o informe ambiental estratéxico sobre esta modificación o 18/12/2019. Nel resolveuse que non se somete ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, polo que non procede efectuar consultas ambientais conforme ao artigo 60.7 da LSG.*

*2. Foron solicitados os informes sectoriais autonómicos preceptivos, constando a emisión dos seguintes, que se achegan:*

*a) Informe da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia do 11/04/2022.*

*b) Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 5/04/2022.*

*c) Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de costas, do 15/02/2022.*

*d) Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de Plan de Ordenación do Litoral, do 6/04/2022.*

*e) Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 19/01/2022.*

*f) Informe do director do Instituto de Estudos do Territorio do 7/04/2022.*

*3. Deuse audiencia aos concellos limítrofes de Malpica de Bergantiños, Coristanco, Carballo e Cabana de Bergantiños, cuxo prazo de emisión remataba o 13/04/2022, sen que ata a data se recibise resposta.*

*Rematado o dito prazo enténdese que non formula obxeccións ao plan (terceiro parágrafo do artigo 144.7 do RLSG).*

*4. Lémbrese que as normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 10/10/2019 (DOG 25/11/2019) son plenamente aplicables, polo que o documento de modificación do plan xeral que se presente a aprobación definitiva debe adaptarse integramente a elas.”*

Con data 20/04/2022 recíbese informe favorable de Augas de Galicia da “Modificación Puntual nº2 do PXOM de Ponteceso Polígono de Solo Urbano Non Consolidado AR-D3.2”, condicionado á resolución favorable da concesión de augas para o abastecemento municipal en tramitación no expediente de clave DH.A15.78376, sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas neste informe.

Con data 20/04/2022 recíbese informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia, no que indica en relación o expediente nº 2022/1617, relativa a Modificación Puntual número 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteceso, Modificación do polígono de solo urbano non consolidado AR-D3.2. Nº de Expediente: 2022/1617.

Con data 18/05/2022 recíbese informe favorable do MINISTERIO DE ASUNTOS ECONOMICOS Y



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

TRANSFORMACION DIGITAL, Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual, da adecuación da Modificación Puntual nº 2 segundo ó previsto no art. 35.2 da Lei 9/2014, de 9 de maio de 2014, Xeral de Telecomunicacións. Nº de Expediente: URB00258/22.

Con data 19/05/2022 recíbese informe do MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA, Subdirección General de Planificación, Red Transeuropea y Logística, indicando que este Centro Directivo non presenta afeccións a infraestruturas xestionadas polo Ministerio de Transportes Movilidad e Axenda Urbana. N/REF.: E-17487780.

Con data 25/05/2022 recíbese informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Servizo de Urbanismo. Xunta de Galicia. Nº Ref: SAIS-A-AC-22/015.

Con data 28/07/2022 recíbese informe da Delegación do Goberno en Galicia, Area de Fomento. Goberno de España.

Con data 28.07.202 recíbese informe do MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE ENERGIA). Dirección General de Política Energética y Minas, sobre el asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DEL PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE PONTECESO. Nº Ref: SBD/MPC.

Con data 01/08/2022 o Arquitecto Alvaro Fernández Carballada, en representación de Fernández Carballada & Asociados, SLP”, remite ao concello de Pontevedra a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE PONTECESO. MODIFICACIÓN DO POLÍGONO DE SUELO URBANO NON CONSOLIDADO AR-D3.2, para a súa aprobación provisional.

Con data 01/08/2022 a Secretaria en réxime de acumulación de funcións D<sup>a</sup>. Cristina Varela García certifica que o día 1 de agosto de 2022, M<sup>a</sup>. Natalia Pombo Méndez, traballadora municipal do Concello de Pontevedra, emitiu o seguinte informe que transcribo literalmente:

#### *“INFORME DE REXISTRO*

*M<sup>a</sup>. Natalia Pombo Méndez , con DNI 36113119Z,auxiliar administrativa-responsable do rexistro municipal do Concello de Pontevedra, despois de comprobar os rexistros de entrada deste Concello*

#### *INFORMO:*

*Que tras o “ANUNCIO de aprobación inicial da modificación puntual número 2 do Plan xeral de ordenación municipal (expediente 2019/X999/000211)” publicado no DOGA do 07 de outubro de 2022, achegáronse os seguintes informes:*

- *Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 19/01/2022.*
- *Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de costas, do 15/02/2022.*
- *Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 5/04/2022.*
- *Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de Plan de Ordenación do Litoral, do 06/04/2022.*
- *Informe do Instituto de Estudos do Territorio de data 07/04/2022.*
- *Informe de Augas de Galicia de data 11/04/2022.*
- *Informe da Dirección Xeral e Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 19/04/2022.*
- *Informe da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras digitais de data 13-05-2022.*
- *Informe da Secretaría de Estado de Transportes, movilidad y agenda urbana de data 17-*





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

05-2022.

- Informe do Ministerio para la Transición ecológica y el reto demográfico de data 19-05-2022.”

Con data 02/09/2022 recíbese informe do MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO (SECRETARIA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE DIRECCION GENERAL DE LA COSTA Y EL MAR, Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, sobre el asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DEL PLAN GENERAL DE ORDENACION EN EL POLIGONO DE SUELO URBANO NO CONSOLIDADO AR-D3.2 EN PONTECESO (CORUÑA)-REF: PLA01/20/15/0008,

Con data 25/10/2022 recíbese informe da resolución favorable de Augas de Galicia de outorgar ó Concello de Pontevedra a “Concesión dun caudal de auga de 478.208,58 m<sup>3</sup>/ano, procedente do río Anllóns, no lugar de A Saimia, parroquia de Anllóns (San Fins), no t.m. de Pontevedra, (A Coruña), con destino a uso de abastecemento de poboación”, tramitado a través do expediente coa clave DH.A15.78376.

Con data 28.03.2023 arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez emite informe técnico no que se conclúe:

*“Solicitáronse os informes sectoriais preceptivos, obténdose todos con carácter favorable, cumprindo por outra banda a modificación do documento coas suxerencias e observacións necesarias a incorporar esixidas polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (Secretaría de Estado de Medio Ambiente Dirección General de la Costa y el Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre) para a súa aprobación definitiva.*

*Analizado o documento a informe, para a súa aprobación provisional, conclúese que inclúe as determinacións e contido establecido na normativa sectorial urbanística de aplicación: artigos 51 e seguintes da LSG por aplicación do artigo 83.5 do mesmo texto legal; así como os artigos 103 e seguintes do RLSG. Así mesmo a ordenación proxectada posúe a calidade técnica necesaria, tanto dende o punto de vista da súa inserción na trama urbana na que se sitúa, xa que ten en conta os usos e infraestruturas circundantes, como na obrigada necesidade de posibilitar a consecución dos fins fixados.*

*Examinada así pois a documentación presentada, comprobase a integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas e a inclusión das determinacións establecidas pola normativa sectorial urbanística de aplicación, de conformidade coa lexislación vixente, polo que o Concello procederá á súa aprobación provisional, debendo o documento seguir o procedemento establecido na LSG (artigo 60.13 e seguintes) e o seu RLSG (artigos 144.13 e seguintes).*

*Polo que atendendo ao anteriormente exposto teño a ben informar favorablemente a “Modificación Puntual nº 2 do PXOM de Pontevedra, modificación do Polígono de solo urbano non consolidado AR-D3.2”.*

*O que se informa aos efectos oportunos e se propón se proceda a súa “aprobación provisional”.*

Logo de ver o informe de secretaría do 15.04.2022.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Decreto 143/2018 polo que se aproba o Regulamento da LSG así coma o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, publicado no BOP nº 99, do 28.05.2015

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22.2.c. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

Propoño ao pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa:

Primeiro. A aprobación provisional da modificación puntual nº 2 do PXOM de Ponteceso, modificación do polígono de solo urbanos non consolidado AR-D3.2 ,por execución da sentenza firme nº 685/2016 do 17.11.2016 ( P.O. nº 4220/2015) , na que se modifica a cualificación urbanística da parcela, que no PXOM vixente forma parte do polígono APRD3.2 de solo urbano non consolidado e que –en cumprimento da Sentenza nº 685/2016 do TSXG- debe ser incorporada no planeamento como solo urbano consolidado, requirindo para a súa aprobación maioría absoluta.

Segundo: Remitir, unha vez dilixenciada por secretaría a documentación modificativa do PXOM aprobada provisionalmente, á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio xunto co expediente administrativo dilixenciado para que a Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio resolva sobre a súa aprobación definitiva

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros dos grupos municipais:  
O Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, di que imos votar a favor, hai unha sentenza firme, e é moi importante que ese solo consolidado, que é solo público que pase ao concello e se utilice o máis rápido posible. O propietario terá que ceder solo para aparcamentos e o propietario deberá facer a obra, e como seguro que non o vai facer que sexa o concello. Vou votar a favor.

A Sra. Rodríguez, BNG, di que examinado o expediente é evidente o uso partidista, so queda aprobalo.

O Sr. Andrade, Diante por Ponteceso, di que ante unha resolución xudicial firme nada ten que dicir, so acatala, e vai votar a favor.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que este expediente foi rexeitado polo Pleno noutras ocasións, este expediente tivo unha longa tramitación. Imos votar a favor, porque somos coherente. Non estamos de acordo co dito polo voceiro de APIN e non explica os seus argumentos.

O Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, responde que non é experto en urbanismo, pero si sabe que os terreos fora de aliñación deben pasar a ser do concello.

Non tendo máis intervencións, o Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 BNG,1 APIN-ESCO e 1 Diante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda aprobar, por unanimidade, a proposta co ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais nos seus propios termos

### 1.9 Expediente 2023/G003/000629. Proposta de modificación da Mesa de Contratación

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu artigo 326, regula a constitución, composición e funcións a desenvolver pola mesa de contratación, e na mesma Lei 9/2017 e en relación ás Entidades Locais na súa Disposición Adicional Segunda, no apartado 7, dispón: “7. La Mesa de contratación estará presidida por un membro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación. En las Entidades locales municipales, mancomunidades y consorcios locales, podrán integrarse en la Mesa personal al servicio de las correspondientes Diputaciones Provinciales o Comunidades Autónomas uniprovinciales. En ningún caso podrá formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas, personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente. La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes.”

Logo de ver a Disposición adicional segunda, parágrafo segundo, que indica que: Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme ao apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Tendo en conta a proposta de Alcaldía aprobada no pleno organizativo do 13.07.2023, no que se establecía a Mesa de Contratación do Concello de Pontevedra, co carácter de permanente para a súa intervención en todos os procedementos de contratación de competencia de Pleno.

Logo de ver o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, e en especial a disposición adicional segunda

Propoño ao Pleno da Corporación

**1º.-** Modificar a composición da Mesa de Contratación do Concello de Pontevedra, co carácter de permanente para a súa intervención en todos os procedementos de contratación de competencia de Pleno, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado 1,2 e apartado 7, da Lei 9/2017, LCSP, pasando a ser a seguinte

Presidente:

Titular: D Jose Manuel Mato Martínez, Sr. Alcalde.

Suplente: D. Constantino Fernández Vila.

Vogais:

Primeiro vogal: A/o secretaria/o titular do Concello de Pontevedra

Suplente: funcionario/a que legalmente o substitúa.

Segundo vogal:

A/o interventora/o titular do Concello de Pontevedra funcionario que legalmente a substitúa.

Suplente: funcionario/a que legalmente a substitúa.

Terceiro vogal: D. Emilio Caínzos Quintás, funcionario municipal

Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario municipal

Cuarto Vogal: D. Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Suplente: D. Juan Vidal Torrado

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario municipal

Suplente: D<sup>a</sup>. María José Sueiro Pose, funcionaria municipal.

**2º.-** Publicar o anuncio no BOP para xeral coñecemento e dar cumprimento ao trámite de publicidade.

**3º.-** Notificar aos membros da mesa de contratación

**4º.-** Deixar sin efecto o acordo plenario do 13.07.2023

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e interveñen os seguintes voceiros dos grupos políticos municipais:

A Sra. Rodríguez, BNG, di que o cambio do suplente do cuarto vogal supón substituír a un funcionario por un político, e non o ve ben, nin pode estar de acordo.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que imos absternos neste punto, temos plena confianza nos funcionarios, e neste caso débese abrir aos outros grupos. Non nos imos opoñer, so absternos.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente di que este tema foi falado con secretaría, non se sobrepasa o límite de 1/3 da composición da mesa de contratación, dous políticos e catro técnicos. Na negociación con Adiante asumimos o compromiso da súa entrada na mesa, e así cumprimos.

O Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (4 PP, 2 PG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 6 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO e 1 BNG)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda prestar a aprobación á proposta co ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais nos seus propios termos.

#### **1.10 Expediente 2023/G006/000012. Proposta de festivos locais para o ano 2024.**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade comunicou o 26.07.2023 a necesidade de determinar o calendario laboral para o ano 2024 e solicita que o Concello de Pontevedra sinal os dous días que serán festivos locais no termo municipal, antes do 1 de setembro. Polo anterior, propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte ACORDO:

Sinalar como festivos locais para o ano 2024 os días 16 e 17 de setembro, luns e martes da Barquiña.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e interveñen os seguintes voceiros dos grupos políticos municipais:

O Sr. Andrade, Adiante por Pontevedra, manifesta que é necesario un consenso entre todos os concelleiros, é unha decisión que non pode variar en función do partido ou partidos que gobernen, ou en función da localidade de residencia do respectivo alcalde ou de seus caprichos. Está ditaminada por urxencia, o noso voto na Comisión foi a abstención por non considela urxente e é necesario debatirse e consensuarse entre todos. O noso voto vai ser a abstención ao entender que o goberno no actuou correctamente.

O Sr. Vidal Torrado, PG, di que nos non estamos de acordo con estas datas, e para os de Corme o festivo vai ser sempre o día do Carne.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que a tradición foi sempre que foran festivos os días da Barquiña, e así deben quedar, luns e martes da Barquiña, e o noso grupo vai votar a favor.

O Sr. Alcalde-presidente dí, referíndose a Adiante por Pontevedra, que ten vostede razón, debíamos de pararnos máis cos grupos políticos. A hostalaría de Pontevedra demanda que sexan nestas datas os festivos locais, e Pontevedra é a capitalidade do municipio. Nos queremos desculparnos, e ao Partido Galego dicirlle que é certo que nos transmitiron as súas inxedanzas, pero isto non se trata dun capricho, Pontevedra como dicía é a capitalidade.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (4 PP e 4 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: 0

Abstencións: 5 (2 PG,1 APIN-ESCO,1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda prestar a aprobación á proposta co ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais nos seus propios termos.

**1.11 Expediente 2022/X999/000236. Proposta de plan de medidas antifraude do Concello de Pontevedra, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)**

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 31 de xullo de 2023, que no seu literal di:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), e publicado no BOP número 125 do 4 de xullo de 2022.

O Plan contempla a posibilidade de que os concellos da provincia se adhiran, establecéndose tres graos de adhesión.

O citado plan regula o 3º grao de adhesión (Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local) do seguinte xeito:

*“(…) C.) 3º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.*

*Esta adhesión ao PREMADECOR e a delegación de funcións na Deputación, ao igual que o grao anterior, tamén están previstas para os concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.*

*Neste terceiro nivel ou grao, ademais do acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, os concellos e outras entidades que estean dentro do rango poboacional indicado poderán adoptar acordo de delegar a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co PRTR, utilización do canle de goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo a tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*Os acordos adoptaranse seguindo o formulario incorporado no Anexo C.2 e aceptando as bases reguladoras que se establecen en dito anexo.*

*Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a aceptación do Pleno da Deputación da Coruña e, unha vez adoptado o acordo por este órgano, será publicado no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica das entidades locais concernidas.”*

Resultando que a aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos Anti-fraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicables, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

Logo de ver o informe de Secretaría que obra no expediente, tendo en conta a insuficiencia de medios persoais e materiais do Concello para a realización por medios propios das funcións que se delegan na Deputación da Coruña, e que implicarían unha contratación administrativa externa dun Plan Anti-fraude, así como a necesaria formación do persoal colaborador por parte do Concello na súa implantación, en tanto que se trata dunha materia eminentemente técnica, así como a necesaria contratación dun servizo para materializar a canle de denuncias (inexistente neste momento no Concello).

Considerando así mesmo a imparcialidade que ofrecería a Deputación da Coruña nunha materia tan sensible como a que nos ocupa, e tendo conta que conforme ao previsto no artigo 36.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, a Deputación da Coruña asumirá por delegación as funcións que a tal fin lle delegue o Concello, dispoñendo este organismo da capacidade necesaria para poder delegar no mesmo as funcións indicadas.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

**SEGUNDO.-** Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

*“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**PRIMEIRA.- Contido da delegación.**

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

**SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.**

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

**TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.**

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PRAMEDECOR.
2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.
3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*procedementos sancionadores en materia de subvencións.*

*4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función."*

**TERCEIRO.-** Remitir o presente acordo á Excm. Deputación da Coruña aos efectos da súa aceptación, e unha vez aceptado polo Pleno da Deputación da Coruña, será publicado no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica das entidades locais concernidas.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e dálle a palabra aos voceiros dos grupos municipais:

O Sr. Andrade, Adiante por Ponteceso, di que lamenta que o concello careza dos medios persoais e materiais para a elaboración dun plan propio, que lle permita garantir a correcta utilización dos fondos públicos e que se empregaron de conformidade coas normas aplicables. Á vista da imposibilidade e dado que existe a posibilidade de adherirse ao PREMADECOR aprobada pola Deputación da Coruña, Adiante vai votar a favor da adhesión a fin de evitar a perda de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea, pero limitando nos termos informados por secretaría, é dicir que se limite a unha encomenda de xestión e a unha delegación de competencias no ámbito recadatorio.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que anima ao goberno a solicitar e desfrutar dos fondos europeos para o Concello de Ponteceso, e o grupo socialista vai votar a favor.

O Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a proposta co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda prestar a aprobación á proposta co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais nos seus propios termos.

### 1.12 Mocións de urxencia

Dáse conta dase mocións presentadas no rexistro municipal polos distintos Grupos Municipais:

- MOCIÓN QUE PRESENTA O VOCEIRO DE ADIANTE POR PONTECESO, D. ROBERTO ANDRADE DE SANTIAGO, PARA A CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA DE PONTECESO.
- MOCIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO QUE PRESENTA O VOCEIRO DO G.M. DO PSdeG-PSOE, D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO.
- MOCIÓN PONTECESO POLO ORGULLO, QUE PRESENTA O VOCEIRO DO G.M. DO



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

PSdeG-PSOE, D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO.

- MOCIÓN "FACTURAS PENDENTES E PLAN INFRAESTRUTURAS", QUE PRESENTA O VOCEIRO DO G.M. DO PSdeG-PSOE, D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO.

En primeiro lugar o Sr. Alcalde-presidente di que con respecto a estas mocions, dentro das competencias atribuídas á presidencia polo artigo 81.1 b) e 82 do ROF "corresponde ao alcalde, asistido do secretario, a facultade de cualificar as mocions como resolutorias ou non resolutorias e determinar na súa condición de presidente e director do desenvolvemento da sesión corporativa municipal, nos termos previstos nos arts. 21.1.c) da LRBRL e 24.a) do RDL 781/1986, texto refundido da Lei de Réxime Local. a súa tramitación, sendo neste caso a primeira, a presentada por Adiante por Ponteceso, unha competencia propia da alcaldía.

Dálle a palabra ao secretario accidental que manifesta que deberase ter en conta a STSJ de Cataluña de 10-01-2002, a cal ven a establecer a distinción entre as mocions segundo o momento da súa presentación, antes da convocatoria da sesión estaremos diante dunha proposta de resolución, e cando se presente despois da convocatoria estaremos diante das verdadeiras mocions. As primeiras deberán ir na parte resolutiva e as segundas na parte de control. Así se manifesta igualmente en varias Recomendación do Valedor do Pobo, salientando a recaída no Expte. N.7 Q/290/16, a cal nas súas conclusións di que os grupos municipais precisen, de xeito claro, nos seus escritos de presentación de mocions, si son resolutorias, ao abeiro do artigo 97.3 en relación co 91.4 do ROF ou non resolutorias, do artigo 46.2.e) da LRBRL

O obxecto da distinción entre as mocions é claro, débense evitar acordos que invadan competencias que non corresponden ao Pleno, adopción de acordos sen a terse ao procedemento legalmente establecido, que poden levar a adopción de acordos nulos de pleno dereito.

A primeira das mocions foi presentada o día 9, e as outras hoxe, día 10, non están ditaminadas. A primeira foi presentada con máis de 24 horas de antelación á celebración do Pleno, cumprindo o establecido no ROM, art. 53, as seguintes, presentadas polo PSdeG-PSOE presentáronse esta mesma mañá, non cumprindo o establecido no ROM. A primeira presentada por Adiante por Ponteceso non ten memoria económica que cuantifique o gasto, nin informes preceptivos, polo que non se da o caso de ser expediente completo, e ditaminada pola correspondente Comisión. Polo que cómpre cualificar esta moción como prego, e así ser trasladada á parte de Control.

O Sr. Alcalde-presidente di que o ROM establece no seu art. 53 que as mocions son propostas que se someten ao Pleno por razóns de urxencia e que calquera membro da Corporación presentara no Rexistro e que estea subscrita polo voceiro do grupo ata as 14.00 horas do día anterior á sesión plenaria, agás nos casos de forza maior.

A voceira do G.M. do BNG, Sra. Rodríguez, di que presenta dúas mocions que cumpren os requisitos esixidos no ROM, son urxentes e concorren causas de forza maior que deberían obrigar a tratalas.

O Sr. Alcalde á vista do seu contido relacionado directamente co IES Eduardo Pondal e o comezo inmediato do vindeiro curso, decide sometelas ao Pleno, así a Sra. Rodríguez da lectura ás mesmas:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**1.12.1.- “Moción de urxencia para evitar a cancelación da liña de Educación Secundaria para Adultos no IES Eduardo Pondal de Ponteceso para o vindeiro curso. Fátima Ángeles Rodríguez González, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:**

**Exposición de motivos:**

O IES Eduardo Pondal de Ponteceso vén tendo entre a súa oferta formativa unha liña de Educación Secundaria para Adultos, cuxa impartición é cada curso finalmente aprobada ou non dependendo das solicitudes de matrículas formalizadas.

Nos últimos cursos non se chegou impartir porque o número de persoas interesadas en matricularse era de 4 un ano e de 6 noutro. O número mínimo xeral (que normalmente se “relaxa” para centros do rural) é de 15 matrículas.

A matrícula para o curso 2023/2024 na ESA ábrese na primeira semana de setembro. A día de hoxe a dirección do centro ten coñecemento dun total de 10 persoas interesadas en seguir estes estudos, que poderían ser máis cando se abra o periodo de matrícula.

A Consellería a día de hoxe manteñe entre a carta de servizos do IES Eduardo Pondal de Ponteceso a ESA, mais desde o centro manifestan que farían falla 2 docentes adicionais na plantilla do centro para poder impartila. 1 de 2 A inspección educativa xa manifestou ao centro que serán precisas 15 persoas (non “relaxará” o criterio) para activar este curso a liña da ESA.

Así, desde o centro de ensino, puxeron todo o anterior en coñecemento do goberno local, que tentou interceder ante a inspección educativa no día de onte a través do noso rexidor, tamén preocupado por esta situación, mais como sexa que lle foi denegada a solicitude, decidimos desde o BNG poñer a este pleno en coñecemento desta situación.

Porque non podemos permitir un novo ataque aos servizos públicos prestados no rural que son o garante do noso futuro e da nosa viabilidade como pobo de mantermos onde queremos vivir, e debida a urxencia de atopar unha solución antes de que comece o curso, solicito sométase neste pleno a debate esta moción, a fin de adoptar os seguintes acordos:

- Elevar á Xunta de Galiza, á Consellería de Educación e á Inspección Educativa o presente acordo e esixir: ◦ que se permita impartir a liña de ESA o vindeiro curso coas 10 matrículas previstas aplicando o criterio de “flexibilidade” que debe aplicarse aos centros radicados no rural, ◦ que se dote ao IES Eduardo Pondal de Ponteceso dos recursos humanos e medios materiais precisos para poder impartir estes estudos que teñen asignados na súa carteira formativa.
- Trasladar á Valedora do Pobo este acordo para que interceda entre o centro de ensino e as autoridades educativas a prol de amparar ás 10 persoas afectadas de non impartirse finalmente estes estudos.
- Pedir o compromiso dos grupos políticos municipais con representación na cámara autonómica, que den traslado deste acordo aos seus respectivos grupos parlamentares para a súa defensa no Parlamento Galego.”



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda a urxencia e a inclusión na orde do día.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e pregunta aos voceiros dos G.M. se desexan intervir.

Os voceiros dos grupos políticos municipais mostran a súa conformidade coa moción presentada. Por Adiante por Ponteceso, o Sr. Andrade, di que vai votar a favor e ponse a disposición do BNG para a defensa da moción presentada. O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que votarán a favor e débese convocar ao Consello Escolar para a defensa desta e doutras propostas.

O Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda prestar a aprobación á moción nos seus propios termos.

**1.12.2.- “Moción de urxencia para evitar a cancelación da liña de FP Básica de Servizos Administrativos no IES Eduardo Pondal de Ponteceso após ter alumnado matriculado para o vindeiro curso. Fátima Ángeles Rodríguez González, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:**

*Exposición de motivos:*

*O IES Eduardo Pondal de Ponteceso tiña asignadas para o vindeiro curso 2023/2024 dúas liñas de FP Básicas:*

- unha de corte xeralista e de competencias básicas para a empregabilidade chamada de Servizos Administrativos.*
- unha máis vocacional e de competencias profesionais específicas da rama da automoción chamada de Mantemento de Vehículos As FP Básicas son liñas de estudos alternativos aos itinerarios xerais, deseñadas para dar unha saída educativa a aquel alumnado con dificultades para seguir os estudos de secundaria e que por tanto precisa dunha maior atención para rematar con éxito estes estudos. O alumnado que consegue rematar unha FP Básica consegue o seu graduado en ESO, que lle posibilitará a futuro unha inserción laboral digna e poder desenvolver o seu futuro adulto con garantías mínimas de benestar.*

*Así mesmo o alumnado que consegue rematar unha FP Básica pode despois acceder a outro ciclos de FP de grado medio non necesariamente da mesma rama que cursaron a básica. Con esta planificación abriuse o período de matrícula no IES de Ponteceso para o vindeiro curso e comezáronse a formalizar matrículas para ambas liñas de FP básica. 1 de 4.*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*Xa avanzado o mes de xullo, cando estaban formalizadas un total de 14 prazas para a liña de Mantemento de Vehículos e outras 6 para a liña de Servizos Administrativos, a Inspección educativa comunicou á dirección do centro a súa decisión de cancelar no IES de Ponteceso a FP básica de Servizos Administrativos.*

*O número mínimo de matrículas (número estandar aplicado aos centros de ensino radicados en cidades) para manter unha liña de FP básica é de 8 matrículas. Desde a consellería de educación sempre se mantivo o criterio de relaxar a esixencia mínima de matrículas para centros radicados no rural. Posteriormente á comunicación de cancelación por parte da inspección recibíronse solicitudes de matrícula por parte outras 2 persoas para a FP básica de Servizos Administrativos. Ningunha destas 2 matrículas púdoose formalizar porque as 6 matrículas de Servizos Administrativos fixéronse trasladar a Mantemento de Vehículos xunto coa cancelación da primeira liña.*

*O número máximo de alumnos por grupo na FP básica é de 18.*

*A día de hoxe no IES Eduardo Pondal de Ponteceso haberá para o vindeiro curso un grupo de FP básica vocacional como é a rama de automoción que:*

- estará formado por 20 rapaces e rapazas, cando o máximo é de 18*
- entre este alumnado convivirán estudantes que fracasaron seguindo os estudos da ESO con outros que teñen necesidades educativas especiais para a súa integración na nosa sociedade como é o caso de migrantes recén chegados do Senegal ou desprazados doutras comunidades autónomas 2 de 4 A maiores quedarán sen poder seguir estudos de FP básica no IES de Ponteceso polo menos 2 persoas que comunicaron o seu interese posteriormente. Esta decisión da inspección educativa*
- por unha banda porá en risco o axeitado aproveitamento académico dun total de 20 estudantes do centro, 20 estudantes que recorren á FP básica como última alternativa para poder acadar o seu graduado en ESO ao teren dificultades para seguir os cursos da propia Educación Secundaria Obrigatoria,ponse así en risco o axeitado desenvolvemento a futuro dun total de 20 persoas que serán amoreadas nun único grupo dunha especialidade (automoción) que moitas non escolleron, e todo isto cando en realidade teñen necesidades educativas especiais e precisan un maior grao de seguimento e acompañamento para rematar con éxito estudos que lles outorguen o graduado en ESO e que lles permitirá incorporarse o día de mañá ao mercado laboral e poder desenvolver unha vida adulta digna, • a maiores supón unha negación de servizo viábel para un centro de ensino do rural que a todas luces parece atender á falla de interese da Xunta e das autoridades educativas por aqueles que precisan máis axuda, polo eslabón máis feble da sociedade, por aqueles a quen o sistema educativo xa fallou unha vez,*
- representa unha maior carga e presión para a comunidade educativa do centro, que está disposto a asumir e que decidiu solucionar pola súa conta parte da situación e dividir o grupo en dous para as asignaturas teóricas, usando os propios recursos do centro, pero cuxa división é imposible para as clases prácticas.*

*Desde a dirección manifiestan a necesidade de que o centro sexa dotado cun docente adicional (que lles foi retirado en xuño) para poder manter as dúas liñas de FP Básica que se tiñan asignadas ata o de agora. 3 de 4 Así, desde o centro de ensino, puxeron todo o anterior en coñecemento do goberno local, que tentou interceder ante a inspección educativa no día de onte a través do noso rexedor, tamén concienciado e preocupado polo futuro destes rapaces e rapazas, mais como sexa que lle foi denegada a solicitude, decidimos desde o BNG poñer a este pleno en*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*coñecemento desta situación.*

*Porque ningunha sociedade pode considerarse avanzada se abandona as persoas máis desvalidas e porque non podemos permitir un novo ataque aos servizos públicos prestados no rural que son o garante do noso futuro e da nosa viabilidade como pobo de mantermos onde queremos vivir, e debida a urxencia de atopar unha solución antes de que comece o curso, solicito sométase neste pleno a debate esta moción, a fin de adoptar os seguintes acordos:*

- *Elevar á Xunta de Galiza, á Consellería de Educación e á Inspección Educativa o presente acordo e esixir:*
  - *a marcha atrás na cancelación da liña de FP básica de Servizos Administrativos para o curso 23/24, toda vez que o número de solicitudes é suficiente aplicando o criterio de "flexibilidade" que debe aplicarse aos centros radicados no rural.*
  - *que se dote ao IES Eduardo Pondal de Ponteceso dos recursos humanos e medios materiais precisos para manter as dúas liñas de FP básica que vén tendo asignadas.*
- *Trasladar á Valedora do Pobo este acordo para que interceda entre o centro de ensino e as autoridades educativas a prol de amparar ás 20 persoas afectadas por esta decisión da inspección educativa e que pon en risco o seu aproveitamento académico, o seu futuro laboral e a súa integración na sociedade.*
- *Pedir o compromiso dos grupos políticos municipais con representación na cámara autonómica, que den traslado deste acordo aos seus respectivos grupos parlamentares para a súa defensa no Parlamento Galego."*

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)  
Votos en contra: 0  
Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda a urxencia e a inclusión na orde do día.  
O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e pregunta aos voceiros dos G.M. se desexan intervir.

Os voceiros dos grupos políticos municipais mostran a súa conformidade coa moción presentada. Por Adiante por Ponteceso, o Sr. Andrade, di que reitera o dito na anterior e vai votar a favor e ponse a disposición do BNG para a defensa das mocións presentadas. O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que votarán a favor e tamén reitera que débese convocar ao Consello Escolar.

O Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)  
Votos en contra: 0  
Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda prestar a aprobación á moción nos seus propios termos.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. García Carballido, voceiro do G.M. de PSdeG-PSOE pregunta se as presentadas por él non se van tratar neste Pleno e considera que deberan tratarse igual que as anteriores.

O Sr. Pose Verdes, voceiro do G.M. APIN-ESCO di que ten dúas mocións a presentar.

O Sr. Alcalde-presidente manifesta que dado que é o primeiro Pleno ordinario vai acceder a que se presenten e se traten as mocións que presentan todos os grupos municipais, se ben nos seguintes vai proceder consonte ao ROM e ao criterio manifestado polo secretario accidental, polo que se comeza agora coas presentadas por Rexistro.

En primeiro lugar polo voceiro do G.M. Adiante por Ponteceso dáse lectura á moción presentada o día 9 no Rexistro Municipal, motivando a súa urxencia:

### **1.12.3.- “MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL ADIANTE POR PONTECESO (AXP) PARA A CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA DE PONTECESO.**

*O Grupo Municipal Adiante por Ponteceso (AXP), conforme o previsto no artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso, desexa elevar a seguinte moción para o seu debate no Pleno: Os usuarios da Biblioteca municipal de Ponteceso, están sufrindo durante este verán temperaturas superiores aos 30º C, o que se traduce en múltiples queixas dos usuarios da mesma dado as temperaturas extremas que se producen, imposibilitando a permanencia dos usuarios nas citadas dependencias municipais durante un longo período de tempo, dado o estrés térmico que produce as extremas temperaturas que sofre o recinto. Estas circunstancias non se producen por un mal funcionamento dos sistemas de climatización, non, prodúcense lamentablemente por que ningún dos anteriores gobernos de Ponteceso instalaron o necesario sistema de climatización.*

*Adiante por Ponteceso (AXP) considera que o calor extremo que sofre a Biblioteca de Ponteceso, lexítima a urxencia da presente moción a fin de acometerse con carácter urxente as seguintes accións:*

*1.- A instalación dun sistema de climatización integral no edificio.*

*2.- A instalación de elementos de protección solar (estores) na totalidade das ventás para diminuír a temperatura e evitar que a radiación térmica chegue os usuarios. Lembremos ao Pleno de Ponteceso que mediante o Real Decreto -lei 14/2022 de medidas de aforro, eficiencia e redución dá dependencia enerxética publicado o 2 de agosto de 2022, entraron en vigor as obrigacións dos apartados 1º e 4º do artigo 29 da Real Decreto - lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas de estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e da redución da dependencia enerxética do gas natural.*

*En concreto, o apartado 1º fai referencia a regulación da temperatura do aire dos recintos habitables acondicionados, limitándose aos seguintes valores:*

*a) A temperatura do aire nos recintos calefactados non será superior a 19 ºC.*

*b) A temperatura do aire nos recintos refrixerados non será inferior a 27 ºC. c) As condicións de temperatura anteriores estarán referidas ao mantemento dunha humidade relativa comprendida entre o 30 % e o 70 %.*

*É por iso, que o Grupo municipal Adiante por Ponteceso ( AXP) somete ao pleno a seguinte:*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

### PROPOSTA DE ACORDO:

Que o Concello de Pontevedra proceda a con carácter urxente a :

1.- A instalación dun sistema de climatización integral no edificio a fin de garantir a temperatura do aire tanto no verán como no inverno dentro dos límites legais establecidos pola normativa.

2.- A instalación de elementos de protección solar (estores) na totalidade das ventás para diminuír a temperatura e evitar que a radiación térmica chegue os usuarios.

En Pontevedra a 9/08/2023 Fdo: Roberto Andrade Voceiro de Adiante por Pontevedra (AXP)”

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda a urxencia e a inclusión na orde do día.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e pregunta aos voceiros dos G.M. se desexan intervir. Polo PSdeG-PSOE, o Sr. García Carballido, di que lle parece positivo que se traia ao Pleno a Biblioteca. Imos apoiar a moción.

O Sr. Alcalde-presidente di que entende o seu rogo e o atenderemos, vostede sabe o estado das contas e sabe que o concello non pode cargarse de gastos e persoal. Di que asume o compromiso de dotar á Biblioteca dun sistema de climatización no edificio, así como a instalación de protección solar nas ventás do edificio, se ben deberase tramitar un expediente, no que se xustifique a necesidade, incorporar unha memoria económica e descritiva dos equipamentos precisos e contar co crédito necesario no Orzamento Municipal para poder executalo, con todo isto recóllese intentárase cumprir o demandado antes do vindeiro verán.

O Sr. Andrade, voceiro de Adiante por Pontevedra, di que deberase executar antes, xa que no inverno a baixa temperatura tamén é un problema, e deberase pensar no benestar dos usuarios, xa que o edificio carece de climatización na súa totalidade, tanto fresca para o verán como calor para o inverno.

O Sr. Alcalde-presidente remata o debate e somete a votación a moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 2 PG, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda prestar a aprobación á moción nos seus propios termos.

Logo de ver as mocións presentadas no Rexistro Municipal polo voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dáse lectura e motívase a súa urxencia:





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

#### **1.12.4.- “MOCIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GM. DO PSdeG-PSOE, D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO.**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Pontevedra de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En España, desde 2003, foron asasinadas 1.168 mulleres e 48 nenas e nenos desde o ano 2013. Nese mesmo período de tempo, so en Galicia 65 mulleres foron vítimas mortais da violencia machista. Segundo datos do “Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero” do Consello Xeral do Poder Xudicial, os xulgados galegos recibiron no ano 2021 6.259 denuncias por violencia de xénero, un 2,7 % máis que en 2020, cando se presentaron 6.097. Aumentou tamén o número de mulleres que aparecen como vítimas, pois en 2020 contabilizáronse 6.073, fronte ás 6.219 de 2021, o que supuxo unha subida do 2,4 %. Este verán está a ser tráxico en España. En tan só 24 horas asasinaron a tres mulleres.

Segundo os datos da “Macroencuesta de violencia contra a muller” en España o 34,2% das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex parellas. O 47,2% non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda. A violencia de xénero é unha terrible vulneración de Dereitos Humanos que pon en cuestión a calidade democrática do noso país. O dereito á igualdade, a liberdade, a seguridade e a dignidade crébase en cada asasinato machista.

1.168 mulleres asasinadas é unha cifra que se lee e escribe rápido pero custa moito máis imaxinarse o impacto de todos eses asasinatos, en todas esas familias, na nosa sociedade. Detrás da frialdade de cada cifra e cada porcentaxe está a vida dunha muller, a vida dos seus fillos e fillas, familia, amizades. As vidas das mulleres non son números e non podemos afacernos nin resignarnos a convivir con esta violencia que desafia os piares dun país democrático. Ningún dato de violencia contra as mulleres é aceptable nunha sociedade que defenda a liberdade, a igualdade e a xustiza.

A pesar do terrible das cifras da violencia machista, resulta extremadamente preocupante a visión que ten unha parte da mocidade, así o testemuña o último barómetro Mocidade e Xénero 2021, realizado polo Centro Reina Sofía Sobre Adolescencia e Mocidade da FA. Segundo o estudo, o 20% dos adolescentes e novos homes (entre os 15 e os 29 anos) consideran que a violencia de xénero non existe e é só “un invento ideolóxico”.

Unha parte da xente moza está a asumir comportamentos machistas que dalgún xeito demostran que non se está actuando debidamente no eido educativo. Non en van, especial atención merece a violencia sexual, cun incremento alarmante na sociedade e tamén entre a mocidade, consecuencia, segundo as persoas expertas, do cada vez máis temperá acceso á pornografía e da falla de educación afectivo-sexual. É por iso que urxe fornecer de recursos asistenciais a estas vítimas, para o que o Goberno do Estado achega recursos extraordinarios, pero tamén é imprescindible traballar na prevención.

Diante deste inaceptable escenario, e do xurdimento de forzas políticas negacionistas da violencia machista que mesmo chegaron xa ao goberno de institucións, para todos os poderes públicos e para toda a sociedade debe ser unha prioridade mellorar a resposta que ofrecemos para garantir a seguridade, a liberdade e a vida das mulleres vítimas da violencia machista e dos seus fillos e fillas. Debemos impulsar, desenvolver e tamén avaliar o impacto das políticas públicas que impulsamos destinadas a combater esta violencia. As vítimas da violencia machista merecense todo o noso esforzo. Para acabar coa manifestación máis terrible da violencia machista é imprescindible a cooperación entre todas as Administracións públicas e coa sociedade civil.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*Abordar a violencia machista en toda a súa crueza esixe ser esixentes e poñer todos os esforzos que temos ao alcance para protexer ás vítimas.*

*A Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero supuxo un fito na abordaxe desta violencia que mobilizou e puxo en marcha unha gran cantidade de recursos públicos destinados a combater a violencia de xénero. A aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en 2017 supuxo elevar a abordaxe da violencia de xénero a unha cuestión de Estado. O Pacto de Estado é un acordo político polo que todas as forzas parlamentarias definiron unha serie de medidas concretas orientadas á prevención, atención e recuperación das vítimas de violencia machista. O 2018 o Goberno de Pedro Sánchez impulsa a aplicación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero dotándoo economicamente a través dos Fondos do Pacto de Estado. No ano 2022 o Goberno de España transferiu á Xunta de Galicia 9 millóns de euros e 1,7 millóns aos concellos galegos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que é o instrumento vertebrador de todos os actores que interveñen para previr e erradicar a violencia e unha ferramenta estratéxica en continuo cambio e adaptación. O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero foi unha práctica de éxito, un espazo de colaboración e contribución de quen ten como obxectivo loitar contra a violencia machista e debe ser un documento actualizado que responda ás novas formas nas que se manifesta a violencia. As administracións públicas deben seguir colaborando para desenvolver todas as medidas na loita contra a violencia de xénero que reflicte o Pacto, incluída a dotación e execución das partidas orzamentarias dedicadas a este fin. A violencia de xénero é incompatible cunha sociedade plenamente democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga democrática. A violencia de xénero interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance. No ámbito das nosas competencias desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e as súas fillas e fillos.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

- 1. Ratificar o compromiso firme do Concello de Ponteceso, contra a violencia machista, e en defensa dos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia contra as mulleres e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia machista ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.*
- 2. Instar a todas as Administracións públicas competentes a desenvolver e dar cumprimento ás medidas que forman o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.*
- 3. Apoiar o proceso de renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no Congreso dos Deputados na nova lexislatura.*
- 4. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.*
- 5. Instar á Xunta de Galicia a:*
  - a) Presentar no Parlamento un informe de execución das medidas do Pacto de Estado en Galicia dende a súa posta en marcha, así como o seu impacto e avaliación coa fin de establecer prioridades nas accións futuras.*
  - b) Redactar un informe urxente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero que avalíe a situación actual e, sobre todo, propoña novas medidas dirixidas á prevención e erradicación da violencia machista así como accións no ámbito educativo, tal e como lle vén encomendado polo Decreto 157/2012.*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

c) *Pór en marcha, no primeiro semestre de 2024, os catro centros previstos de atención 24 horas a vítimas de violencia sexual.*

d) *Desenvolver, no derradeiro trimestre de 2023, unha campaña de concienciación e sensibilización contra a violencia sexual dirixida á mocidade e con especial incidencia na pornografía.*

e) *Incrementar a presenza da educación afectivo-sexual nos currículos do ensino de Primaria, Secundaria e Bacharelato.*

*En Pontevedra, a 10 de Agosto de 2023.”*

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 6

Polo que queda aprobada a súa urxencia e inclusión na orde do día.

Os voceiros dos grupos municipal de Adiante por Pontevedra, BNG e APIN-ESCO manifestan que están de acordo coa moción presentada.

Non tendo máis intervencións polo alcalde-presidente sométese a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Pontevedra)

Votos en contra: 0

Abstencións: 6 (4 PP e 2 PG)

Polo que o Pleno aproba a moción presentada nos seus propios termos.

#### **1.12.5.- MOCIÓN -PONTECESO POLO ORGULLO- QUE PRESENTA O VOCEIRO DO G.M. DO PSdeG-PSOE, D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO.**

*“O Grupo Municipal dos Socialistas de Pontevedra de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN Pontevedra polo Orgullo LGTBI .*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBI, conmemórase en todo o mundo as revoltas que tiveron lugar no bar Stonewall de Nova York en 1969 e que supuxo un punto de inflexión na loita polos dereitos de este colectivo. Un movemento nacido da rebelión cidadá contra a inxustiza, a discriminación e a persecución social e policial sobre as persoas LGTBI, e que deu orixe a un movemento polos dereitos civís en todo o mundo. Dende 2018 en España, o 28 de xuño establécese como Día Nacional, co obxecto de recoñecer a loita das persoas LGTBI.*

*Sendo conscientes dos avances acadados no noso país e de como a maior parte da nosa sociedade abrazou a diversidade, é necesario denunciar e combater os cada vez máis frecuentes discursos de odio contra o colectivo LGTBI. Estes discursos teñen coma consecuencia directa que nos últimos anos padecemos un aumento de agresións tanto verbais coma físicas nos nosos concellos, e que no peor dos casos pode rematar coa morte da vítima, como ocorreu no caso de*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

*Samuel Lluiz, que motivou unha concentración de repulsa ao asasinato, e solidariedade con todo o colectivo, aquí en Ponteceso igual que en toda Galicia.*

*A sociedade e as institucións temos que seguir traballando para que todas as persoas poidan vivir a súa vida de forma libre en todos os ámbitos, tanto no persoal coma no laboral, sen ser vítimas de ningunha clase de discriminación ou agresión por mor da súa orientación sexual ou identidade de xénero.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

- 1. Realización dun acto institucional e instalación dunha pancarta fixa lonxitudinal na balaustrada do balcón do consistorio municipal, coa bandeira LGTBI multicolor.*
- 2. Realización de campañas de visibilidade do colectivo LGTBI e tamén contra a LGTBI fobia.*
- 3. Iluminar coas cores do arco da vella os principais monumentos e lugares emblemáticos do concellos durante o mes da celebración do Orgullo. Tamén outras accións coma a pintura de bancos ou pasos de peóns coas cores da bandeira LGTBI.*
- 4. Fortalecemento das relacións e do apoio ás organizacións e colectivos LGTBI do nosos concello.*
- 5. Elaboración dun Plan Municipal para o Colectivo LGTBI, que coordine todas as políticas que leve a cabo o Concello para promover, defender e garantir os dereitos das persoas LGTBI no municipio.*
- 6. Instar á Xunta de Galicia a dar cumprimento ao artigo 8 da Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia e crear os Servizos Municipais de Información, Atención e Asesoramento LGBTI, con persoal especializado e dotación orzamentaria para o desenvolvemento da súa actividade.*
- 7. Declarar o Concello de Ponteceso, Concello libre de LGBTI fobia.*

*En Ponteceso, a 10 de Agosto de 2023”*

Pide a palabra o Sr. Andrade, voceiro de Adiante por Ponteceso, e manifesta que non se pode votar a favor, sería ilegal, e consonte coas sentenzas do Tribunal Constitucional, as institucións públicas, a diferenza dos cidadáns, non gozan do dereito constitucional á liberdade de expresión, por iso tense que acatar o marco normativo, incluso de maneira ocasional, que regula o uso das bandeiras nos edificios oficiais e espazos públicos, nos que só poderán ondear as de España e as restantes legalmente recoñecidas. Por isto Adiante por Ponteceso pídelles que rectifique a moción na cuestión das bandeiras, pois tal como como vai votar en contra da urxencia.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:  
Votos a favor: 6 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO e 1 BNG)  
Votos en contra: 7 (4 PP, 2 PG e 1 Adiante por Ponteceso)  
Abstencións:

Polo que queda rexeitada a súa urxencia e inclusión na orde do día.

Pide a palabra o Sr. García Carballido, voceiro do PSdeG-PSOE, e manifesta que a actitude do PP é coincidente coa de VOX e de que á vista do seu rexeitamento retira a seguinte moción



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

presentada.

O Sr. Pose Verdes, voceiro de APIN-ESCO, di que ten tres mocións a presentar, da lectura e motiva a súa urxencia:

### **1.12.6.- “MOCION PARA SOLICITAR CAMBIO DE HORARIO DOS PLENOS ORDINARIOS ASI COMO A TRANSMISION DOS MESMOS EN DIRECTO**

*“O grupo municipal APIN ESCO de Ponteceso desexa someter ao Pleno a seguinte moción*

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

*Os Plenos dos Concellos son o lugar onde debater , propoñer e fiscalizar ao Equipo de Goberno dos mesmos.*

*A veciñanza ten o dereito a poder ver canto se fala nos plenos, cales son as propostas de todos os grupos políticos e participar neles.*

*Para que isto suceda debemos ofrecer a posibilidade dun horario axeitado para a participación e , no momento actual, poder transmitir en directo para aquelas persoas que non poidan acudir ao salón de Plenos .*

*Por todo isto é polo que presentamos para a súa aprobación o seguinte acordo:*

*INSTAR ao Alcalde para que ordene a celebración dos plenos en outro horario para que a veciñanza poida acudir e,asimesmo, transmitir en directo o desenvolvemento dos mesmos Ponteceso, 10 de agosto de 2023”*

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 4 (4 PP)

Abstencións: 2 (2 PG)

Polo que queda aprobada a súa urxencia e inclusión na orde do día.

Iniciase o debate, e interveñen os seguintes voceiros:

O Sr. Alcalde-presidente di que non está a favor de retransmitir os Plenos para que isto non se converta nunha feira, nun espectáculo.

O Sr. Andrade, voceiro de Adiante por Ponteceso, di que estima que o cambio de horario non é importante, debemos pensar na conciliación dos funcionarios que asisten, para nós si que é importante a retransmisión dos mesmos en aras á difusión e transparencia. Si elimina APIN o cambio de horario, nos imos votar a favor

A Sra. Rodríguez, BNG, di que nos tamén temos outra moción no mesmo senso, e estamos a favor da mesma.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que non pode entender a postura do Alcalde, que o seu grupo opina que se deben transmitir os Plenos e se lles debe dar difusión.

O Sr. Pose Verdes, di que retira o do cambio de horario pero que os Plenos se deben retransmitir, sexa por Youtube ou por outro medio.

Non tendo máis intervencións polo alcalde-presidente sométese a votación, co cambio do último parágrafo “*INSTAR ao Alcalde para que ordene transmitir en directo o desenvolvemento dos mesmos*”, co seguinte resultado:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Votos a favor: 7 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 4 (4 PP)

Abstencións: 2 (2 PG)

Polo que o Pleno aproba por maioría a moción presentada nos seus propios termos, coa modificación do último parágrafo *“INSTAR ao Alcalde para que ordene transmitir en directo o desenvolvemento dos mesmos”*.

### **1.12.7.- “MOCIÓN PARA SOLICITAR A CONSTRUCCIÓN DE COMPORTAS CON CAPLETAS NO RÍO DOS GALLARDOS**

*O grupo municipal de APIN-ESCO de Ponteceso desexa someter ao Pleno a seguinte moción*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Con moita frecuencia o centro de Ponteceso atópase con importantes inundacións provocadas por unha banda, pola situación na que se atopa o pobo (zona de marismas) e por outra pola deficiente situación dos regos que desembocan no río Anllóns, estas deficiencias fan que a desembocadura dos regos no río non sexan as idóneas.*

*Para intentar minimizar as inundacións entendemos que é necesario unha serie de obras de pouco custe pero que aliviarían de xeito considerable as inundacións.*

*As propostas son:*

- 1.- Colocación de 2 capletas no Río dos Gallardos sobre as actuais de xeito que poidan verter augas ao Río Anllóns incluso con marea alta.*
- 2.- Colocación dunha tubería que una o río que pasa ao lado do Faldra Folk ata a zona do xuncal coñecida como o xuncal dos amorodos.*
- 3.- Colocación dunha tubería que una o xuncal antes dito co xuncal entre a fábrica de Baneira e a canteira.*

*Por todo isto é polo que presentamos para a súa aprobación o seguinte acordo*

*INSTAR ao Alcalde para que coa máxima urxencia leve a cabo ditas obras facendo as modificacións de crédito necesarias.*

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 2(2 PG)

Polo que queda aprobada a súa urxencia e inclusión na orde do día.

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate e interveñen os seguintes voceiros:

O Sr. Andrade, Adiante por Ponteceso, di que falta que se puxera en contacto co resto dos grupos políticos e así poder escoitar os criterios técnicos, vemos a necesidade, nós non imos votar a favor sen saber cal sería a mellor solución para o problema das inundacións.

O Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, di que hai proxecto feito, as capletas son unha solución. O proxecto está informado por Medio Ambiente e faltaba a autorización de Costas.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que levamos anos falando con Augas de Galicia para que Pontevedra sexa unha área de risco potencial de inundacións. Vemos necesario as actuacións, e pedimos que se cumpra o acordo o antes posible e se xestione esta petición.

O Sr. Alcalde-presidente di que o día 3 de xullo estivemos coa Conselleira, Ethel Vázquez, falando destas obras. Somos conscientes da necesidade e o primeiro tenente de Alcalde está a traballar para iniciar a limpeza de todos os ríos, e a Conselleira asegurounos que vai incluír a Pontevedra na zona de risco de inundacións.

Non tendo máis intervencións polo alcalde-presidente sométese a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 (2 PG e 1 Adiante por Pontevedra)

Polo que o Pleno aproba a moción presentada nos seus propios termos.

#### **1.12.8.- "MOCION PARA SOLICITAR A COMPRA/ EXPROPIACION DO PARQUE DAS BOUZAS**

*O grupo municipal APIN ESCO de Pontevedra desexa someter ao pleno a seguinte moción*

##### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

*O Plan Xeral de Ordenación do Concello de Pontevedra contempla no núcleo de Pontevedra o PARQUE DAS BOUZAS ,un espazo que abrangue desde o edificio de a Galiña Azul ata as proximidades do Campo de Fútbol de O Pinguel, bordeando un espazo protexido de xuncal .*

*O propio Plan contempla a compra expropiación dos terreos necesarios para levalo a cabo, incluso cos prezos por metro cuadrado de indemnización para os/as propietarios.*

*No ano 2018 o equipo de arquitectura de D.Alvaro Fernandez elaborou un traballo para identificar as parcelas de todo o parque e no ano 2019 e 2020 os orzamentos do Concello incluíron unha partida para levar a cabo ditas expropiacións nunha primeira fase que comprendía desde a zona do Falda Folk ata a depuradora de augas residuais de Pontevedra*

*Nos seguintes anos ata hoxe os orzamentos estiveron prorrogados polo que dita cantidade debe figurar nos deste ano.*

*Por todo isto é polo que o grupo APIN ESCO presenta para a súa aprobación o seguinte acordo:*

*1.- Instar ao Alcalde para que coa máxima urxencia leve a cabo ditas expropiacións para ,por un lado empezar os traballos para intentar evitar as continuas inundacións do centro de Pontevedra ,e por outro ordenar ditos espazos como zonas de aparcamento disuasorio en Pontevedra.*

*Pontevedra 10 de agosto de 2023"*

Sométese a votación a urxencia e, no seu caso, inclusión na orde do día, consonte ao artigo 91.4 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (4 PP, 4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 (2 PG e 1 Adiante por Pontevedra)

Polo que queda aprobada a súa urxencia e inclusión na orde do día.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente inicia o debate, intervindo os seguintes voceiros:

O Sr. Andrade, Adiante por Ponteceso, di que está de acordo coa moción, pero non co inicio falando de expropiación, deberase ter conversas con propietarios e tratar de lograr a adquisición por mutuo acordo.

Os voceiros Sr. Pose Verdes, APIN-ESCO, e Sra. Rodríguez, BNG, están de acordo.

O Sr. García Carballido, PSdeG-PSOE, di que este tema lles preocupa por afectar a veciños e ao comercio, o noso grupo propón que asináramos un manifesto para que se adquiriran os terreos. I mos votar a favor.

O Sr. Alcalde-presidente, di que o goberno está a traballar neste senso e nos próximos meses veremos o resultado.

Non tendo máis intervencións polo alcalde-presidente sométese a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (4 PSdeG-PSOE, 1 APIN-ESCO, 1 BNG e 1 Adiante por Ponteceso)

Votos en contra: 0

Abstencións: 2 (2 PG)

Polo que o Pleno aproba a moción presentada nos seus propios termos.

## 2. PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN.

### 2.1 Pregos e preguntas

#### 2.1.1 Pregos

**2.1.1.1.-** Dáse conta dos pregos presentados no Rexistro Municipal no día de hoxe, 10-08-2023 polo voceiro do G.M. do PSdeG-PSOE, D. Xosé Lois García Carballido, o cal procede á súa lectura:

1. Que se teñan en conta as iniciativas para revitalizar o comercio local ás que se comprometeron os grupos antes das eleccións municipais.

2. A orden de desenvolvemento de acordos en mesa xeral de Negociación de empregad@s públic@s ( Funcionarios e Laborais) comprende a aprobación dun Convenio Colectivo, dun acordo de Funcionarios e dunha RPT, obriga desenvolvida coa Lei 20/21 de Estabilidade no Emprego, dado que obriga a integrar a todo o persoal estabilizado se houbera RPT e a facer unha se non a houbera. Na pasada lexislatura estabilizáronse todos os postos incluídos no orzamento. Sen embargo, a carencia de postos esenciais como técnico de turismo e de museos incluso nos impide acceder a subvencións provinciais para o posto, polo que tamén é urxente incluílos nunha oferta de emprego. Cando vai o Concello elaborar estes documentos?

3. Que non haxa recortes nas iniciativas municipais, nin en mantemento, nin en deportes nin cultura, aumentando tamén a colaboración coas entidades culturais, sociais, deportivas e comisións de festas para a organización de eventos en todas as parroquias.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente di que toma nota dos dous primeiros, e con respecto ao terceiro di que as partidas para este tipo de actuación están totalmente esgotadas, e vostede, Sr. Carballido, ven o debe saber.

**2.1.1.2.-** Dáse conta dos pregos presentados polo voceiro do G.M. de APIN-ESCO, Sr. Pose Verdes:

1. Pedir ao Alcalde que coloque un ordenador nas dependencias do Concello onde poidan acudir os concelleiros a mirar os decretos e resolucións ou mandar aos concelleiros con periodicidade semanal ditos decretos e resolucións.

2 Solicitar que a Praza do Relleno deixe de ser un lugar de aparcamento de coches.

O Sr. Alcalde-presidente con respecto ao 1º di que estudará este tema coa Intervención e se non se pode por falta de crédito, enviaranse os decretos e resolucións con periodicidade semanal a todos os partidos. Con respecto ao 2º, di que ten razón e tomaremos decisións urxentes e de carácter inmediato nos vindeiros días para evitar o aparcamento.

## 2.1.2 Preguntas

**2.1.2.1** Dáse conta das preguntas formuladas e presentadas no Rexistro Municipal no día de hoxe, 10-08-2023 polo voceiro do G.M. do PSdeG-PSOE, D. Xosé Lois García Carballido.

**1.** O pasado 26 de xullo de 2023 publicouse no BOE o Extracto da Resolución de 20 de xullo de 2023 do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se establece a primeira convocatoria do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións de alumeado exterior municipal (Proxectos Singulares Alumeado Municipal), cuxo importe ascende a 100 millóns de euros.

As axudas, en forma de préstamo reembolsable de ata o 100% da inversión elixible do proxecto, están dirixidas a Entidades Locais e terán un tipo de interese do 0,0% e cun prazo máximo de vixencia de 10 anos.

As bases reguladoras deste programa de axudas publicáronse a través da Orde TED/388/2023, de 29 de marzo, no BOE.

As solicitudes e a súa documentación poderán presentarse desde as 9:00 horas do día 12 de setembro de 2023 ata as 14:00 horas do día 24 de outubro de 2023.

Toda a información dispoñible na web do IDAE:

• <https://www.idae.es/ayudas-y-financiacion/para-la-renovacion-de-alumbrado-exterior-fnee/proyectos-singulares-alumbrado-municipal>.

Para calquera consulta dispón do seguinte enderezo electrónico: [consultas.alumbradosingulares@idae.es](mailto:consultas.alumbradosingulares@idae.es)

Ponteceso dispón dun proxecto de reforma de todo o alumeado exterior municipal, adxudicado en procedemento aberto e para o cal tiña o Concello concedida unha axuda de dous millóns de euros, que se perdeu polo rexeitamento do Partido Popular e outros concelleiros e concelleiras do Pleno Municipal.

**Vai Ponteceso presentar o proxecto de alumeado, a esta nova convocatoria?**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## 2. Cando se van convocar as subvencións para entidades culturais e deportivas 2023?

3. O Concello de Ponteceso almacena nunha parcela municipal o antigo céspede do campo do Pinguel, para uso público, como se puxo na escola de Brántuas.

**Retirou alguén con coñecemento do Concello rolos de céspede, para qué finalidade, e con resposta a cal solicitude no rexistro municipal?**

4. A orden de desenvolvemento de acordos en mesa xeral de Negociación de empregad@s públic@s ( Funcionarios e Laborais) comprende a aprobación dun Convenio Colectivo, dun acordo de Funcionarios e dunha RPT, obriga desenvolvida coa Lei 20/21 de Estabilidade no Emprego, dado que obriga a integrar a todo o persoal estabilizado se houbera RPT e a facer unha se non a houbera. Na pasada lexislatura estabilizáronse todos os postos incluídos no orzamento. Sen embargo, a carencia de postos esenciais como técnico de turismo e de museos incluso nos impide acceder a subvencións provinciais para o posto, polo que tamén é urxente incluílos nunha oferta de emprego.

**Cando vai o Concello elaborar estes documentos?**

O Sr. Alcalde-presidente responde á 1ª pregunta dicindo que vai estudar as diferentes fórmulas para poder levar a cabo esta actuación, con diferentes e posibles subvencións das distintas Administracións. Que a vía do IDAE non a ve moi clara e sobre todo despois de falar cunha compañeira do seu partido, a alcaldesa de Vimianzo, a cal ten serios problemas para percibir as axudas outorgadas polo IDAE.

Con respecto á segunda pregunta, volvo a dicirlle que este ano vai ser imposible convocar subvencións, posto que non hai partidas nin forma de dotalas, e insisto unha vez máis, vostede ben o sabe.

Á terceira pregunta di que tivo coñecemento de que unha persoa levara céspede sen autorización, pero tanto o primeiro tenente de Alcalde como eu intentamos chegar a tempo ao polígono, pero cando chegamos esta persoa xa marchara e intentaremos poñernos en contacto con esta persoa para que restituía o céspede.

Con respecto á cuarta, di que desde o primeiro día din orde á secretaria e ao técnico de administración xeral que se puxesen a traballar nestes dous temas.

O Sr. Alcalde-presidente pregunta aos voceiros dos grupos políticos se teñan algunha máis para presentar:

**2.1.2.2.-** A voceira do G.M. do BNG, Sra. Rodríguez presenta a seguinte:

Xa van 20 días desde que se declarara a situación de prealerta por seca na cunca do Anllóns, a única medida de aforro que vin desplegada foi cartaces nas duchas de Valarés anunciando que estaban fóra de servizo mentres si funcionaban e mesmo algún pulsador quedaba activo sen saltarse:

- **estase traballando nalgún protocolo de medidas eficaces de aforro de auga que permitan evitar posibeis futuras restriccions?**
- **Cales son esas medidas de aforro de auga e concienciación da veciñanza e cando se van poñer en marcha?**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

O Sr. Alcalde-presidente di que en Balarés o corte foi circunstancial, estivo falando co xefe do servizo de augas ao cal pediu un informe e que o vindeiro mércores, despois do festivo, conta telo e lle transmitirei persoalmente o mesmo.

**2.1.2.3.-** O voceiro do G.M. de APIN-ESCO, Sr. Pose Verdes, presenta as seguintes:

- **Que pasa coas bandeiras azuis das praias que moitos días non están izadas?**
- **No día de hoxe tres operarios municipais estaban con tres basoiras " Barrendo" o camiño do Malecón (de zahorra) ;non habería outras cousas que facer?**

O Sr. Alcalde-presidente di lles está costando moito manter as bandeiras, xa que son moitas as esixencias a cumprir, e moitas das faltas que nos puxeron son anteriores ao noso mandato, e antes as pasaban pero agora non, o que nos dan a entender que antes eran máis flexibles co anterior goberno.

Con respecto á segunda di que non está de acordo con esa pregunta e comentario, xa que estabamos a recoller bidóns e lixo, xa que tíñase programada unha visita importante e que nos interesaba ter limpo o malecón.

**2.1.2.4.-** O voceiro do G.M. Adiante por Ponteceso, Sr. Andrade, presenta as seguintes:

- **Obra abastecemento da auga de Langueirón.**

AXP, a través de un dos seus promotores, veciño da parroquia de Langueron, comunicou o pasado mes de xullo o Concelleiro de obras e servizos, que a obra de de abastecemento da auga de Langueirón non se estaba, aparentemente, executando conforme o proxecto, xa que a tubería non levaba a correspondente cámara de area, nin se estaban instalando as acometidas correspondentes. Tras esta denuncia, o Concello de Ponteceso, tras comprobar as irregularidades paralizou a obra.

- **Cal é o estado actual das xestións efectuadas polo Concello?**
- **A empresa vai subsanar as presuntas irregularidades cometidas, e de ser o caso, cando vaise reanudar a mesma?**
- **Soldo da Concelleira D<sup>a</sup> Raquel Fondo Pérez.**

Sr. Alcalde, han pasado varias semanas desde que lle pedira no último pleno para que reflexionara sobre a cuestión de ampliar as areas asignadas a Concelleira D<sup>a</sup> Raquel Fondo Pérez a fin de xustificar o soldo asignado a citada Concelleira.

- **Que me pode dicir sobre esta cuestión?**

O Sr. Alcalde-presidente toma a palabra e di que a primeira cuestión, obra de abastecemento de Langueirón, vaina responder o primeiro tenente de Alcalde, Sr. Fernández Vila, o cal di que estamos a visitar a obra todos os días e tivemos que parala porque non se estaba a poñer a cámara de area e tampouco se estaban a conectar as acometidas e que van a facer un seguimento diario á obra. E con respecto ás irregularidades cometidas, a empresa di que as vai



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

subsanan.

Con respecto á segunda cuestión o Sr. Alcalde-presidente di que xa está tomada a decisión e levarase ao vindeiro Pleno, ampliando as competencias e delegacións de D<sup>a</sup>. Raquel Fondo, a maiores da de deportes con patrimonio, normalización lingüística e pode ser que algunha máis.

## **2.2 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 221/2023, do 22.03.2023 ata a núm. 614/2023, do 28.07.2023.**

O Pleno queda informado.

Non tendo máis asuntos para tratar, o presidente remata a sesión ás 22.52 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presenta acta, por min o secretario accidental, do que dou fe, asinando conxuntamente co presidente.

O presidente

Dou fe  
O secretario accidental

José Manuel Mato Martínez

Emilio Caínzos Quintás